



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES

Cuiñas Gómez, Íñigo
Gómez Fraiz, Santiago
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Rubio Armesto, Belén

PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Bueno Alonso, Jorge Luis
Collazo Fernández, Antonio
Castro Cerceda M^a Luisa
García Fontán Soledad
Pino García, Antonio
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena

PDI-B

González Jorge, Higinio

ESTUDANTES

Díaz Casaleiro, Tomás
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
López Puga, Beatriz Blanca
Moldes Pita, Óscar
Rivera González, Paula
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS

Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fernández Prieto, Marta
García Señorán, Mar
Llamas Nistal, Martín
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Varela, Diego
Romo Pérez, Vicente
Tellado González, Fernando
Vallejo Pousada, Rafael
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 19 de xullo de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:30 h do día **19 de xullo de 2017** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente ás sesión ordinaria do 19 de xuño de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Proposta de nomeamento, se procede, de membros das comisións avaliadoras do programa DOCENTIA.
4. Aprobación, se procede, das propostas de modificación e verificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
5. Aprobación, se procede, do modelo de Acordo de réxime de co-tutela dunha tese de doutoramento.
6. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor, convocatoria 2017.
7. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Produción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2016.
8. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Produción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2016.
9. Aprobación, se procede, da Normativa de simultaneidade de estudos na Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Permanencia.
11. Aprobación, se procede, da Normativa de préstamo e uso de bicicletas no Campus de Pontevedra.
12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción.

13. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado polos profesores do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, D. Hermes Salceda Rodríguez, Dna. María Manuela da Silva e D. Manuel Ángel García Fernández verbo do acordo do Consello de Goberno do día 20/03/2017, polo que se aproba o cambio de adscrición de área de coñecemento do profesor D. Javier Agustín Guijarro.
14. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por M^a del Pilar de Sa Otero contra POD do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo para o curso 2017/2018 e a súa modificación por afectar á súa docencia.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Carabobo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Londrina* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Londrina* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Federal de Educação, Ciência y Tecnologia do Sul de Minas Gerais* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Federal de Educação, Ciência y Tecnologia do Sul de Minas Gerais* (Brasil) para o intercambio de estudantes.
16. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI.
17. Rogos e preguntas.

O reitor da lectura as persoas que escusan a súa presenza no consello de Goberno e que se relacionan á marxe desta acta

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente ás sesión ordinaria do 19 de xuño de 2017.

Non se presentaron alegacións á acta, polo que se aproba por asentimento.

2. Informe do reitor.

Salienta o reitor os aspectos máis relevantes do acontecido en relación cos avances das sedes dos campus:

a) Dá conta da sinatura entre a Universidade de Vigo e as consellerías de Facenda e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de dous convenios para o financiamento dos traballos previos á rehabilitación do edificio Faraday, así como da publicación do concurso público para a redacción do deseño e estudos previos para a rehabilitación. Este convenio asegura o financiamento da primeira fase (da orde de 8-9 millóns) que atinxe a parcela na que se sitúan os edificios históricos, aos que lles mantén a súa aparencia e denominación histórica. En canto ao desenvolvemento das obras, comezarase a planificación da segunda fase, que é a máis ampla. Subliña o logro que supón que despois de sete anos de traballo a UVigo conseguiu este proxecto para a sede do Campus do Mar, que logrará reactivar unha zoa tan importante para o barrio de Teis.

b) Informa tamén o reitor da visita realizada polo Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ás obras do edificio que albergará a sede institucional do Campus da Auga en Ourense. Indica que a obra avanza rapidamente e prevese que obras rematen a finais de ano e que comece a actividade administrativa no primeiro trimestre de 2018. Destaca o avance na execución do primeiro plan de actuación do Campus da Auga cunha execución de practicamente un cen por cen das actividades previstas, como xa informou o vicerreitor no anterior Consello de Goberno, e indica que empezará a redactarse o segundo plan de actuación. Comenta tamén a previsión da sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento das áreas de especialización da UVigo para o próximo outono.

O reitor fai especial fincapé na importancia para o Campus de Ourense, xa que permitirá que se cumpran as previsións para Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, xa que o convenio asegurará os recursos necesarios para a dotación de todos os laboratorios para completar as necesidades do Grao e Enxeñaría Aeroespacial, do que xa foi informado o Consello de Campus. Ademais, darase un apoio importante á Agrupación estratéxica e Investigacións Agroambientais e Alimentarias (CIA), para que avance cara a unha Agrupación estratéxica do Campus da Auga, e lograr no futuro que se constitúa como Centro singular de Galicia. Subliña que esa liña de actuación se ve reforzada polos resultados do ránking de Shanghái por áreas temáticas, que destaca dúas áreas ligadas a esa agrupación que se sitúan entre as 500 mellores do mundo e Tecnoloxía dos Alimentos entre as 70 mellores do mundo.

Continúa expoñendo que neste convenio se recolle tamén unha axuda específica para o Vigo Tecnolóxico, para rematar o MTI, así como unha axuda para o avance para o Campus CREA de Pontevedra, que permitirá apoiar formalmente o primeiro plano de actuación recoñecido deste Campus e formalizado pola Xunta de Galicia. Deste xeito, darase un importante impulso á sede do Campus CREA no edificio da rúa Benito Corbal.

Finaliza este apartado do seu informe, indicando que, superadas as dificultades xurdidas con Patrimonio do Berbés, xa se iniciou o proceso de licitación da obra.

c) Expón o reitor que a formación do estudiantado cara ao mundo laboral é unha prioridade para Universidade de Vigo, polo que destaca os 3000 acordos de cooperación educativa asinados e o excelente posicionamento da UVigo en canto á realización de prácticas a través do programa Erasmus Prácticas, sendo a universidade do SUG con maior número de alumnos que completan as súas prácticas en empresas a través dun plan de intercambio. Subliña que, segundo datos oficiais do Ministerio de Educación, neste último curso concedeuse esta beca de mobilidade a 60 alumnos na UVigo, fronte aos 42 da UdC e 19 da USC. Nesta liña, prosegue, a Área de Emprego e Emprendemento vén de conceder 10 bolsas a alumnos para a realización de prácticas remuneradas en empresas de Portugal, na segunda convocatoria do programa “Pásate da raia”, no marco do EURES transfronteirizo Galicia/norte de Portugal. Destaca o reitor a importancia da cooperación intelixente na Eurorexión e que a convocatoria pretende afianzala mediante unha mobilidade diaria ou semanal que pode permitir aspirar á creación dun mercado laboral único na Eurorexión.

Informa tamén da constitución da Fundación Mentor, integrada por 21 empresas de área metropolitana da que o reitor é patrón de honra, que procura a mellor inserción dos nosos egresados no tecido empresarial, empezando co ámbito xurídico-empresarial da UVigo.

Finaliza este apartado, sinalando a celebración do X Congreso da Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, ACLES, no que participaron 200 persoas procedentes de 44 universidades españolas e doutras 11 nacionalidades e que pon de manifesto o traballo desenvolvido pola nosa universidade tanto na docencia como na acreditación a través do Centro de Linguas, e polo seu papel na política lingüística do Plan de Internacionalización da Universidade.

d) Prosegue o reitor dando conta do proceso de desenvolvemento dos estatutos da UVigo. Unha vez finalizado o prazo dun mes para que a comunidade presentara emendas ao borrador dos estatutos, elaborado pola comisión de estatutos, presentáronse 10 avaladas pola sinatura de 10 ou máis claustrais, 3 avaladas por 25 ou máis sinaturas de membros da comunidade e dúas emendas que non veñen avaladas, pero supoñen pequenas correccións de erros. Todas serán enviadas á comisión para valorar se se incorporan ou non ao borrador, previa á convocatoria da Mesa do Claustro, para celebrar o Claustro de debate dos novos estatutos, prevese que poida realizarse a finais de outubro ou novembro.

e) Presenta a continuación un resumo dos datos preliminares de matrícula recibidos dende a CIUG, que apuntan a unha lixeira mellora do 3% con respecto ao curso anterior. Subliña o reitor o incremento non pode ser moito maior xa que acadamos taxas de ocupación do 96%, polo tanto seguimos unha liña de equilibrio ou lixeiro aumento na matrícula.

f) Finaliza o reitor mencionando os cambios producidos nos equipos de dirección dos centros dende o derradeiro Consello de Goberno: Rafael Durán, decano en funcións de Fisioterapia, Juan E. Pardo novo director da EEI e Juan Picos novo director da EE Forestais. Agradece os servizos prestados aos equipos saíntes, facendo unha mención especial ao profesor Pou Saracho pola complexidade da súa labor ao liderar a fusión dos dous centros de Enxeñaría Industrial e abordar outras cuestións difíciles nos seis anos que actuou como director. Engade que, posto que o profesor Pou Saracho era representante no Consello de Goberno por designación reitoral, na próxima sesión, designará ao actual director da EEI.

g) Cede a continuación a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para que informe de como se vai desenvolver a Oferta de Emprego Público, e lembra que, como xa se explicou en anteriores Consellos de Goberno, agardouse ata o final para ter a maior seguridade coa lei de orzamentos e lograr mellorar no posible a OPE. Reitera que dende a CRUE continúaase presionando para a eliminación da taxa de reposición, non se conseguiu, pero vanse logrando pequenos avances a través dos distintos procesos de negociación, que se explicarán a continuación.

Explica a vicerreitora que a Lei Orzamentos Xerais do Estado que recolle as condicións que deberán rexer as OPE das Universidades e outras institucións públicas publicáronse no BOE do 28 de xuño. No artigo 19 se indica que taxa de reposición será dun máximo do 100% , coa obriga de destinar un 15% do total de prazas á incorporación de persoal investigador doutor que finalizara o Programa Ramón y Cajal, e dispoñan de acreditación I3. A diferenza de anos anteriores, esta cota non ten que destinarse necesariamente a profesorado laboral, senón que pode convocarse como profesorado funcionario. Outra diferenza cos anos anteriores, as baixas de Profesorado Contratado Doutor computan para o cálculo da taxa de reposición. Subliña que ademais destes cambios, a maior diferenza, lograda despois da negociación parlamentaria indicada polo reitor, consiste en dispoñer dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá ata o 90% das prazas que, estando dotadas no orzamento da universidade, estiveran ocupadas de xeito temporal e ininterrompidamente cando menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2016. Engade a vicerreitora que para poder facer uso desta taxa adicional, a Comunidade autónoma debe certificar diante do Ministerio de Facenda o número de prazas ocupadas temporalmente en toda a Comunidade, incluíndo o número que nos corresponda neste apartado.

Concretando a situación da universidade de Vigo, o número de baixas que se produciron o ano anterior é de 22, polo que sendo a taxa de reposición do 100%, o número de prazas por esta taxa sería de 22, se ben existe unha dúbida en relación cunha praza dunha persoa que era contratada fixa, pero non CD, polo que se agarda a resposta da consulta realizada a Facenda, polo que poderían quedar en 21. A cota do 15% de Ramón y Cajal con I3, suporían 3 prazas para as que contamos con tres candidatos que cumpren esta condición. En relación á taxa adicional, a vicerreitora detalla a condición do persoal sen estabilizar na UVigo. Indica que existen 24 persoas na condición de CD interinas, das cales 13 cumpren o requisito estar contratados nesa praza ininterrompidamente dende 2013. Por outra banda, hai outras catro persoas que, aínda que levan contratados máis dos tres anos anteriores á decembro de 2016 de xeito ininterrompidamente, non o estiveron sempre como CDI, polo que non está claro se cumpren ou non dito requisito. A estes se engaden outros 7 CD que tiveron contratación interrompida, polo que non computarían nesta taxa adicional.

Continúa explicando a vicerreitora que, ademais destas persoas, hai 16 persoas contratadas no programa de Intensificación investigadora para Axudantes doutores, pero unha delas xubírase proximamente, polo que restan 15, que están neste programa porque puideron transformarse en interinas polo impedimento imposto pola Xunta de Galicia, pero consideramos que son equivalentes ás anteriores e estaban contratadas ininterrompidamente dende antes de decembro de 2013, polo que deben estar dotadas no orzamento.

Polo tanto, as 32 persoas que cumpren os requisitos, darían orixe a 29 prazas (o 90%) que poderían convocarse por taxa adicional, 3 prazas para os Ramón y Cajal e restarían o sete CD que non cumpren ditos requisitos, xunto co 10% que non se pode computar (3 persoas). De xeito que poderían convocarse esas 29 prazas máis 10 para os que non computan, permitirían estabilizar a todos os interinos e aos que están na figura de intensificación investigadora. Ademais das 3 para R y Cajal, restarían 8 ou 9 prazas, ata chegar

ás 21 ou 22, que poderían convocarse para o paso de Contratado Doutor a Profesor Titular de Universidade. A esta oferta total, de 49 prazas que poderían ser de CD ou TU habería que engadir un número de prazas de cátedras que como máximo será o número de prazas de profesorado funcionario que se convoquen. Indica a vicerreitora que, aínda que teoricamente puidérase acadar ata 49 prazas de CU, un número aproximado de 20-21 prazas de CU, sería o máximo sustentable economicamente.

Explica a vicerreitora que xurde un problema interpretativo, xa que é preciso que a Consellería de Facenda certifique diante do ministerio que este é o número de prazas que cumpren os requisitos que temos ocupadas temporalmente, esixidos. Esta proposta da Universidade xa foi trasladada á Consellería de Facenda, reuníndose o día trece o vicerreitor de Economía e Planificación, a vicerreitora de Profesorado e Ordenación Universitaria, co director xeral da Función Pública e a subdirectora xeral de Orzamentos, e foi explicada en detalle para lograr que eles a defendan diante do Ministerio de Hacienda, que finalmente é o que decide. Esta proposta foi inicialmente ben recibida peor nos comunicaron que neste mes chegaría a todas as CCAA un borrador do ministerio para que realicen a interpretación e aplicación dese artigo 19. A partir dese borrador as CCA realizarán as achegas e estiman que no mes de setembro chegarase ao documento final. Dada esta situación, debemos promover as reunións precisas coa consellería para explicar a nosa proposta, por iso detívose a negociación sindical, tras informar aos representantes sindicais mediante correo electrónico e en setembro volverán a reunirse.

Remata a vicerreitora indicando que a interpretación da universidade é posible e axeitada, e, por suposto, axustada, xa que debe cumprir co teito de gasto e os requirimentos do propio orzamento da universidade.

Engade o reitor que a consellería de Facenda trasladou que está pendente da definición final que realice Hacienda de que persoal é considerado interino na Universidade, interpretación que se realizará nunha comisión mixta na que participan o Ministerio de Facenda o de Educación e a CRUE. Alí expuxo o reitor o programa da UVigo de intensificación investigadora pola imposibilidade de crear interinos polas limitacións impostas pola Xunta. Argumentos como este son os que propiciaron que a definición de interino non fose tan restritiva. Traslada que nesta universidades imos loitar por todos, xa que independentemente da súa denominación, son figuras temporais que habendo pasado por todos os procesos, non están consolidados por imperativo legal. Cando se coñeza a interpretación para todo o estado, levaranse a cabo as negociacións sindicais, xa que como moi tarde en novembro teríamos que ter a Oferta de Emprego. Finaliza engadindo que os reitores trasladaron dende a CRUE insistiron en que a supresión da taxa de reposición e as modificacións e vantaxes logradas teñen que afectar a todo o persoal da universidade, non só ao profesorado, o que se está a estudar polos nosos representantes.

3. Proposta de nomeamento, se procede, de membros das comisións avaliadoras do programa DOCENTIA.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que comunica que se produciu a renuncia, por motivos laborais, do representante do estudiantado, Diego Rodríguez Varela, que participaba nas comisións do programa Docentia polo ámbito tecnolóxico. Proponse a Paula Rivera González na súa substitución. Segundo a normativa os membros deben ser nomeados polo reitor a proposta do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, das propostas de modificación e verificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

Cede o Reitor novamente a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen realiza unha breve presentación dos títulos que se detallan na documentación achegada, que consta das memorias de modificación ou verificación en pdf, segundo o modelo que hai que introducir a unha aplicación do ministerio para títulos de grao, máster e doutoramento; das memorias xustificativas, que é preciso achegar

á Comunidade Autónoma, ademais da memoria económica elaborada pola vicerreitoría para todos os títulos.

Comeza presentando os títulos de grao. Co novo escenario do novo plano de titulacións, a UVigo presenta un título novo: O grao en *Enxeñaría Biomédica*, de 4 anos e 240 ECTS, que se impartiría na Escola de Enxeñaría Industrial. Ofertaranse 50 prazas que se detraen do resto da oferta da EEI de xeito proporcional. Explica que se estrutura en un primeiro curso común coas demais titulacións do centro e ten dúas intensificacións: Biotech (electrónica, tratamento de información hospitalaria, control e sinais en biomedicina) e Biomec (implantoloxía, biomecánica, biomateriais e equipamento). Para o deseño do título tivéronse en conta as directrices da Asociación Biomedea e contempla a realización de prácticas no hospital Álvaro Cunqueiro. Indica que os títulos que se presentan para modificacións son os outros seis graos da EEI tras superar os curso pasado o proceso de renovación da acreditación, o que acontece co *Grao de Enxeñaría Forestal*. As modificacións destes títulos non precisan dun novo plan de estudos, recollen actualización de normativa, actualización de competencias e das fichas, realizadas na implantación. Indica a vicerreitora que previsiblemente o ano próximo teremos tamén modificacións dos títulos que este ano pasaron a renovación da acreditación

Realiza a continuación unha presentación dos títulos de máster. Expón que sete son títulos novos, dos cales seis son interuniversitarios: 2 coordinados por UVigo (*máster en Ciberseguridade e Máster en Economía*) tres coordinados pola USC (*Máster en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural Máster en Xenómicas e Xenéticas e o Máster en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados*) e un pola UdC (*Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria*). Finalmente, o oitavo título *Máster en Social Media Management e Creación de Contidos Dixitais* é exclusivo da UVigo. Explica a vicerreitora a continuación as modificacións máis importantes dos outros cinco títulos de máster xa existentes na Uvigo, que se presentan a verificación ou modificación, actualizando normativas, competencias, resultados de aprendizaxe, recursos humanos e materiais.

En relación aos títulos de doutoramento, explica a vicerreitora que se presenta a unha nova verificación o doutoramento relacionado co Campus do Mar, "*Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión*", a causa da incorporación da Universidade de Oporto, que se aproveita para realizar a actualización da memoria, basicamente ás novas normativas de doutoramento e das liñas de investigación.

Indica a vicerreitora que esta nova verificación conta co informe favorable da EIDO. O informe da COAP relativo aos títulos de grao e máster que se presentan é favorable para a súa tramitación, pero se inclúen algúns cambios ou modificacións, técnicas, que deben ser necesariamente realizadas nas memorias tal como foron aprobadas polas Xuntas dos centros respectivos. Na meirande parte dos casos, ditas modificacións xa foron realizadas salvo algunhas excepcións que a vicerreitora expón detalladamente diante do consello.

Consecuentemente a proposta é que se aproben todas as memorias dos títulos de grao, máster e doutoramento presentadas incorporando as pequenas modificacións indicadas que deben realizarse preferiblemente antes do 31 de xullo, antes do envío á Xunta ou, en todo caso, da introdución da aplicación do Ministerio que se realizará no próximo mes de novembro para ser enviadas a axencia de calidade. A vicerreitora quere deixar constancia de que o traslado das memorias do pdf actual á dita plataforma electrónica pode implicar pequenas modificacións técnicas, xa que ten unhas esixencias concretas que poden requirir adaptacións.

Ábrese unha rolda de intervencións. Toma a palabra Bettiana Hidalgo, quen tras agradecer ás vicerreitoras de Investigación e de Estudantes pola súa cooperación e a súa capacidade de negociación cos representantes do alumnado, quere tamén lembrar ás persoas que non permiten a súa participación nos procesos, aínda que só sexa a nivel informativo. Centra a súa intervención no título de Grao de Enxeñaría Biomédica. Explica que os estudantes se implicaron e realizaron unha investigación falando con profesores e estudantes desta universidade, pero tamén con directores, coordinadores e estudantes desta titulación noutras universidades, a quen tamén manifesta o seu agradecemento.

Destaca chegar a consensos na xunta de titulación do título de Enxeñaría Biomédica, e que o decano de bioloxía, representante da parte “bio”, trasladoulle que defendeu que dos 240 créditos do título, un mínimo de 30 créditos deberían ter relación con bioloxía ou bio-medicina, opinión que comparte. Considera que o título obedece a unha estratexia de márketing, que favorece a Galicia e á Universidade de Vigo, pero manifesta a súa preocupación, porque o título non dea resposta ás expectativas dos estudantes que se matriculen nese plan. Considera que se trata máis dunha enxeñaría das tecnoloxías médicas, orientado máis á técnica e instrumentación, que á bioloxía e medicina, polo que a parte de “enxeñaría” do título si a ve, pero non a parte “bio”, xa que 15 créditos son insuficientes. Confía que o que aparece tachado en amarelo na memoria sexa un error, porque a súa eliminación sería un completo erro.

Insiste en que non lles foi permitido opinar no deseño deste título, polo que o fan no Consello de Goberno, e lembra que na UVigo hai moitas persoas moi capacitadas en este ámbito que poderían ter participado, pero non foron invitados, como o CINBIO, o Instituto de Bioenxeñaría en Rede para o Envellecemento Saudable, ou a Rede Galega de Biomateriais, dentro da propia EEI. Considera que estas persoas poderían aportar o seu coñecemento que permitiría que o título se deseñe mellor.

Finaliza a súa intervención preguntando que significa o que está remarcado en amarelo, e se a UVigo estaría disposta a postergar e mellorar o título, de non ser así, solicita que se debata e se vote.

A continuación intervén Óscar Moldes. Indica que na páxina 31 se recollen as materias tachadas en amarelo as materias de *Bioquímica, Bioloxía e Fisioloxía*, que son 15 créditos. Insiste en que 15 créditos en formación básica en bio-medicina son insuficientes para unha bioenxeñaría. Conclúe informando que nunha xunta de escola, a Escola de Enxeñaría en Telecomunicación acordou abandonar a xunta de titulación.

Toma a palabra o director da Escola de Enxeñaría Informática para facer unha precisión en relación co título de *Máster en Enxeñaría Informática*. Indica que tal vez non se explicou ben a implantación ano tras ano. Di que a intención do centro era non duplicar as materias, senón ir cancelándoas, polo que non é un título novo.

Indica o reitor que o explicará posteriormente a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín, quen pregunta se o título de Enxeñaría Biomédica conta co aval doutros centros, como a Facultade de Bioloxía ou a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, que, na súa opinión, deberían participar na Xunta de Titulación, aínda que en parte xa ten a resposta. Non opina da proporción de créditos, xa que non é o seu ámbito. Pero expresa o seu desacordo cun procedemento que se deu no seu ámbito, de propoñer planos de estudo sen consultar a outros centros que teñen titulacións moi próximas. Preocúpalle que a E.E. Telecomunicación abandonara a xunta de titulación, pide que se explique como se actuou neste caso.

Participa a continuación o director da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Íñigo Cuñas, quen achega a súa intervención por escrito para incorporar á acta. (**Anexo I**). Tras expoñer os seus argumentos, di que non pode votar a favor desta proposta porque considera que a memoria pode conducir a unha titulación errada, aínda que estea homologada titulacións similares no mapa universitario español. Indica que é o reitorado o que debe valorar o risco de implantala ou retrasar a súa aprobación para reformulala. Pero indica que tampouco votará en contra porque o centro onde se impartirá cumpriu o encargo de presentar un novo título e lle reconece as máximas garantías competenciais, polo que anuncia a súa abstención na votación.

Finalizada a primeira rolda de intervencións, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que responde en primeiro lugar á cuestión formulada polo profesor Rodríguez Martínez. Explica que considera que non se pode facer como propoñen, pero se é posible realizalo implantando só o segundo curso, pódese aprobar. O que non é posible é implantar os dous, non só por unha cuestión de custe, senón pola complexidade na execución.

En relación co título de Enxeñaría biomédica quere deixar claro que a tramitación foi totalmente correcta en todo momento. Lembra que houbo un período de exposición pública do título no que non se produciu ningunha alegación, engade que non existe constancia na vicerreitoría de que algún membro da comunidade quixera emitir a súa opinión e non puidera, non se recibiron solicitudes de participación, nin chegaron reclamacións. Quere deixalo claro. O que si consta é que o estudantado de EEI votou unanimemente a favor da memoria do Título, e que non houbo votos en contra. Polo que, reitera, todo o procedemento foi impecable e, ata a esta sesión, non lle constaba ningunha oposición a recibir aos estudantes. Si que se coñeceu a votación realizada na EE Telecomunicacións e a súa desvinculación da xunta de titulación, pero tampouco presentaron ningunha alegación ao título.

Con respecto das partes que están en amarelo, explica a vicerreitora que sinalan cambios con respecto á memoria inicial. Neste caso, a memoria inicial presentaba 75 ECTS de formación básica, que se preferiu reducir a 60, como no resto das enxeñerías. Polo que esas materias sinaladas en amarelo non están eliminadas, seguen no plano de estudos e son obrigatorias, pero deixan de ser tecnicamente formación básica.

A representante do estudantado, Bettiana Hidalgo, insiste en que solicitaron participar na xunta de titulación aínda que fora como oíntes, preo se lles dixo que non podían.

A vicerreitora explica que así como o período de alegacións está aberto non só aos membros da comunidade universitaria, senón a todos os interesados, asociacións profesionais, etc., na Xunta de titulación só poden intervir os seus membros. Subliña unha vez máis que non se produciu ningunha alegación e que a memoria foi aprobada por unanimidade. En relación aos seus contidos, a vicerreitoría non se considera competente para decidir se este, ou calquera outro título, son bos ou non. Pero sinala que si se comparou cos plans de estudo de Enxeñaría Biomédica implantados en España e que existen outros moi similares ao que se propón, algúns de universidades prestixiosas como a UPC. Polo tanto, é un plano de estudo razoable dentro do contexto español.

O reitor cede a palabra ao profesor Pou Saracho, para que explique a posición do centro. Destaca o profesor que, dende o principio, a formulación do plan de estudos tiña dous obxectivos: a formación do estudantado e a súa empregabilidade. E aclara que parece existir unha confusión, porque no mapa de titulacións español existe a Enxeñaría Biomédica e o grao de Ciencias Biomédicas, esta última cunha orientación máis biolóxico e máis ligado á medicina, e normalmente se imparten nestas facultades. En canto á Enxeñaría biomédica, dado que non existe unha orde CIN que estableza os contidos, contouse con representantes do SERGAS, a través do CHUS, polo que participaron na xunta de titulación tres representantes con distintas orientacións (investigación, xerencial e asistencial). Tamén se contou nestas sesións co presidente da Federación Española de Empresas de Tecnología Sanitaria (FENIN), e, por suposto, dende que arrancou o proceso trala reunión con reitor, se invitou ao decano da Facultade de Bioloxía, de Química, que delegou no profesor Hervés e a E.E. Telecomunicacións, que como explicou o seu director estivo representada polo profesor Artemio Mojón. Prosegue dicindo que, aínda que discrepen na orientación do plan e nas razóns que levaron á desvinculación da EET, houbo unha interlocución. Subliña que o enfoque do grao de Enxeñaría Biomédica en España varía dependendo da Escola da que depende, sexa Industriais ou Telecomunicacións.

Reitera que o obxectivo é a empregabilidade, e que a Fenin trasladou que unha orientación máis dirixida á ciencias Biomédicas dificultaría a inserción laboral do alumnado, e que en Vigo había unha oportunidade porque o sector non está tan cuberto como noutras zonas de España, pero se se vincula ás necesidades reais do sector: técnicos de grao. E esa empregabilidade pode ser no entorno amplo, considerando Galicia-Norte de Portugal, co que el ben colaborando a través do Instituto de Biomateriais, do que forma parte e co que, evidentemente, contou para este plan. Subliña a importancia que o FENIN deu a que o Hospital participara activamente na elaboración do plano de estudos, o que noutras universidades supuxo un gran problema.

Confirma que as materias, 15 créditos, marcadas en amarelo son obrigatorias, pero se quitan das materias básicas para destacar os contidos que son básicos no ámbito da enxeñaría, e engade que hai outros 15

créditos de Estrutura e Patoloxía médica e médico-cirúrxica, a impartir polos profesionais no Hospital Álvaro Cunqueiro, co que o alumnado dende 2º curso poderán acudir a formarse nel. Resalta que non se vai enganar ao estudiantado, porque non van ser pseudo-médicos, serán enxeñeiros biomédicos, con dúas orientacións: un vencellada á mecánica e outro á electrónica-automática, porque esas son as demandas expresadas polo sector. Destaca tamén as máis de 50 cartas de apoio a este título enviadas dende diversas empresas e a gran importancia que os enxeñeiros teñen no mantemento dos equipamentos hospitalarios actuais.

Confía en que se poida contar coa participación dos profesores da EE Telecomunicacións e agradece as palabras do seu director confirmando a competencia do centro. Entende que o decano de Bioloxía quixera maior carga de créditos, como todas as áreas participantes, pero se non hai unha orde CIN que defina os contidos, como no caso de Areoespacial. Polo que, a pesar da dificultade, se fixo un plan de estudos sensato e realista, con especialidades de 36 créditos e lembra que se trata dun plan de grao, e que para lograr moitas das aplicacións reais, ten que haber unha colaboración interdisciplinar entre moitos especialistas. Pero menciona de outras aplicacións non son tan espectaculares como as que mencionou o director da EET, pero que ofrecen unha opción laboral no noso entorno. E para elo, expón que se garanten prácticas externas no hospital a todos os alumnos e tamén prácticas en empresa, da base de empresas coas que se ten contacto, pero tamén das que manifestaron o seu apoio a este título, coas que se farán convenios de prácticas.

Finaliza indicando que esta é unha oportunidade para a Universidade que hai que aproveitar e que conta co apoio da Xunta, co apoio do SERGAS, o apoio expresado da Consellería de Sanidade e, con todas as dificultades, seguirán traballando para captar a aquel colectivo que non se considere representado e seguir traballando xuntos. Pide o voto favorable.

Entende o reitor que, non habendo problemas nas demais propostas formuladas, abre unha nova rolda de participacións para rematar de aclarar as cuestións sobre este título, aínda que lembra que o Consello de Goberno non é o foro capacitado para entrar en fonduras académicas, xa que esas competencias recaen na xunta de titulación, e que non houbo alegacións as decisións tomadas por esta.

Comeza o profesor Álvarez Villamarín que agradece a intervención do profesor Pou Saracho que o convenceu e aclarou as súas dúbidas expresadas anteriormente, sobre o título e o procedemento. Aclara que non pensaba votar en contra en ningún caso, xa que considera que se trata dun título importante para a universidade, pero que procede dun ámbito no que se defenden títulos teoricamente importantes para as empresas, nas que toda a Fiscalidade se resume en 6 créditos. Por iso, ante un novo título de tanto futuro, xórdenlle dúbidas, dada a tradición existente nalgúns centros. Fai fincapé en que existe un contraste de opinións, pero gustoulle a demostración da paixón.

Se produce un intercambio de opinións entre o profesor Álvarez Villamarín e a vicerreitora de Profesorado en relación coa información relativa ao período de exposición pública dos títulos. Remata informando do seu voto favorable.

Intervén o profesor Reigosa Roger, anunciando o seu voto favorable, porque non entende que neste plan de estudos se teña alterado o xeito habitual de dotarnos de títulos, seguindo escrupulosamente o procedemento regulamentado. Indica que, é certo que os títulos de Enxeñaría biomédica en España teñen unha orientación marcada polo centro do cal dependen, polo que non lle estraña ese feito na actual proposta. Pero si lamenta que non tire suficiente partido das fortalezas que existen nesta universidade, pero insiste en que esa percepción a ten con todos os planos de estudo, non só neste, xa que a xunta de titulación que o diseña ten unha composición concreta, que marca o resultado final. Considera que existe unha falta de regulación estatal que acentúa aínda máis este feito. En relación co plano de estudos concreto que se presenta, opina que é un plano moi defendible, que agarda que teña éxito polo que vai votar a favor, aínda que lamenta que algunhas cousas que se dixeron na sesión non estean recollidas. Reitera que, de revisarse os outros planos de estudo que se presentan hoxe, e non se discuten, acontecería algo similar: non se aproveitan as capacidades da institución.

Para finalizar, pregunta a causa de que a Escola de Enxeñaría informática de Ourense non participe nun máster no que parece que deberían estar, xa que inicialmente estaban incluídos na memoria.

Toma a palabra a continuación Ernesto Vázquez-Rey, quen realiza varias precisións en relación con este título. En primeiro lugar, di que, a pesar de ser do ámbito xurídico social, entende que, ao fío do que se dixo na sala, 15 créditos de materias de biomedicina son escasos para un grao de Enxeñaría Biomédica, sobre todo porque as dúas orientacións son tamén de enxeñaría. En segundo lugar, a pesar de que se fala do aval das empresas e do obxectivo de empregabilidade, opina que a distribución das titulacións e o reparto dos créditos non se realizan pensando nos estudantes, senón dos intereses das áreas, en todos os títulos. Engade que se preocupara a formación dos estudantes, os estudantes estarían representados na xunta de titulación. Continúa afirmando que non pon en dúbida que o procedemento para o deseño do título fora correcto, pero se ben a Secretaría Xeral enviou un correo para informar da exposición pública dos estatutos, non se dixo o mesmo cos prazos de exposición pública dos títulos. Finalmente, non nega que houbera unanimidade, pero afirma que a houbo porque as voces discrepantes ou non estaban ou se foron. Non nega a importancia do título para a Universidade, pero hai aspectos que ao seu xuízo non foron acaídas. Desexa que conste en acta o seu voto en contra nominal.

A continuación intervén Bettiana Hidalgo. Puntualiza que coñece a diferenza entre Ciencias Biomédicas e Enxeñaría biomédica. Replica á afirmación de que non houbo manifestacións en contra do título, indicando que nas actas das xuntas de titulación e de centro, se ven as manifestacións en contra, así como na carta do Cinbio. Apunta que tal vez no Consello de Goberno, non se dispón de toda a información. Invita a se amose dita información. Aclara que non foi a falar coa vicerreitora porque considera que, como representante no Consello de Goberno, debe no Consello de Goberno. Finaliza indicando que o feito de que outras universidades teñan un título similar non quere dicir que se imite, considera que a UVigo ten que diferenciarse aportando valor aos seus títulos, para ser mellor e garantir unha formación mellor aos seus estudantes. Tamén desexa que conste o seu voto nominal negativo.

O profesor Antonio Collazo explica que para evitar entrar no debate do interese das distintas materias quere incidir no procedemento seguido, coincide co reitor en que estase a seguir escrupulosamente. O plano está aprobado na Xunta de Escolas e non se produciron alegacións no período de exposición, consecuentemente, como membro do Consello de Goberno, quere manifestar o seu voto a favor. Engade que, como profesor da EEI, síntese implicado de xeito especial e lembra aos alumnos que o interese do profesorado debe coincidir co dos estudantes. Explica que na Comisión permanente da Escola manifestou algún tipo de discrepancia, pero dende o momento en que se debateu e se aprobou na Comisión, asumiu ese resultado e o defendeu na Xunta de Escola. Aclara que pasou dúas veces por Xunta de Centro, na primeira houbo unha abstención, que debe ser á que se refire a representante do estudantado, e a segunda non se manifestou ningún tipo de oposición. Polo tanto, dende o punto de vista do procedemento, é pertinente a aprobación. Destaca as palabras do director da EE de Telecomunicación, nas que indica que non ten dúbida sobre o interese e oportunidade da titulación, nin da competencia académica. Polo tanto, finaliza, se hai oportunidade, interese e capacidade, procede a súa aprobación. Reitera a expresión do seu voto positivo.

Intervén a vicerreitora de Profesorado e Organización para comentar que a redacción dos plans de estudo poderíase facer doutra forma. De feito, actualmente, nas memorias se recolle a participación de empresas e axentes externos, pero por moito que se estenda a participación, sempre pode haber algún colectivo que non se considere representando, por iso está o período de exposición pública. Ese período está no procedemento dende sempre, e indica que as veces recíbense alegacións, pero é consciente da dificultade de mellorar a comunicación, dado o exceso de información que recibimos.

En relación a o exposto pola representante do estudantado, indica que preguntou polo voto do alumnado, e o estudantado da EEI votou a favor, participaron e votaron, ao igual que noutros centros e nos outros títulos.

Intervén novamente o profesor Juan Pou, quen desexa aclarar algúns detalles. Indica que se celebraron 11 xuntas de titulación e, por suposto, que houbo debates, como é lóxico, pero non se formularon queixas. A continuación, a memoria inicial podería aprobarse na xunta de titulación, pero se levou á Xunta de Centro.

E, en efecto, unha profesora manifestou a súa abstención. Esa memoria se traballou novamente na Xunta de titulación, chegándose á memoria final, que foi aprobada pola Xunta de Titulación e na Xunta de Centro por unanimidade, e nela estaban e participaron os estudantes Expúxose ao público e superou todos os pasos, como os outros títulos.

Finalizada esta participación, intervén o reitor desexa incidir en cuestións relativas ao plano procedemental e ao estratéxico. En relación ao procedemento, sinala que no Consello de Goberno pode opinar de todos os seus aspectos, incluíndo o académico, pero como dixo o profesor Reigosa a nosa lexislación delega esta competencia na Xunta de Titulación, órgano creado para ese debate. É posible que non se recollan todas as capacidades, pero no período de exposición pública pódense facer esas achegas, que son novamente debatidas na Xunta de titulación. Se houbera moitas alegacións, poderíase formular un retraso no procedemento, para valorar se é necesario unha reformulación. Pero neste caso non acontece así, polo tanto non ten sentido formular un parón no procedemento. Lembra aos estudantes que como representantes do CG poden intervir nas sesións do mesmo, pero como membros da comunidade poden facelo, igual que os demais, nese período.

En relación á estratexia, expón que temos a posibilidade de avanzar na definición do Vigo Tecnolóxico con esta nova peza. Para progresar na colaboración que se estaba realizando co sistema sanitario, dende o ámbito científico, facíase necesario incorporar á enxeñaría. Os acordos establecidos a nivel de Galicia non permitían formular títulos que levaran BIO en inicio (Biotecnoloxía ou biomedicina), sabendo que non é viable, non é sensato traballar nesa liña, aínda que haa colectivos interesados. Sendo consciente da capacidade de que dispoñemos e que ía ser indiscutible, decidiuse que fora unha enxeñaría neste ámbito. Para aproveitar a posibilidade estratéxica tiña que liderar o proxecto a EEI, e a debía aceptar como parte do panel da súa formación de futuro, xa que a Xunta condiciona a implantación do título a que se debe reducir alumnos de outras titulacións. Indica que outra opción podería ter sido unha xunta interfacultativa composta por 4 facultades, co obxectivo de facelo máis transversal pero iso levaría máis tempo e se perdería a seguridade de que fora unha enxeñaría e, polo tanto, a oportunidade. Pero esa cooperación transversal será máis factible no posgraio, polo que se gaña un espazo moi amplo de oportunidade para o mundo bio, a través da enxeñaría.

Realizada a invitación á dirección da EEI, continúa o reitor, pon a condición de que, posto que na xunta de titulación non poden estar todos os sectores como membros, si deben participar na elaboración do título, e así se fixo. Tal vez non se conseguiu incorporar as ideas de todos, pero tampouco todos fixeron todo o posible. Explica que se reuniu cos decanos de Bioloxía, de Químicas e o director da Escola, e trasladou que ademais pediu que escoitaran ao sector profesional e ao SERGAS. Recoñece o reitor a súa decepción pola falta de entendemento entre as dúas escolas de Enxeñaría, pero como o mesmo Iñigo Cuññas recoñece, non pode parar o proceso. En relación coa participación do CINBIO, deixa claro que un centro de investigación non pode participar directamente, pero os seus catedráticos podían canalizar o seu interese a través do decano da Facultade, ao igual que os alumnos. Se intentou crear unha estrutura na que todos tiveran a posibilidade de estar representados. Pero, se por riba non chegan alegacións, no período establecido, non hai motivos para retrasar a aprobación deste título.

E finaliza apuntando outra razón a favor, que é o futuro. Insiste en destacar o enorme espazo de posgraio que se abre, na hibridación no Vigo tecnolóxico a bio-nano medicina. Contando coa Enxeñaría Biomédica, Bioloxía, Química, o Cinbio, Telemedicina, poderemos promover posgraos nos que se aproveiten as capacidades, que non poderán ser discutidos e poderíamos mesmo coordinar no SUG, como no caso da ciberseguridade.

Para dar resposta á pregunta do profesor Reigosa, cede a palabra ao director de enxeñaría informática. O profesor Francisco Rodríguez indica que a idea dun máster intercentros era ilusionante, sendo a petición inicial so da Universidade de Vigo. Apunta a que o problema puido derivar de non ter unha única Xunta de Titulación, senón que cada centro tiña a súa comisión. Ademais, engade, estaba a petición da Escola de Informática da Coruña, o que derivou no máster interuniversitario. Explica o traballo da comisión, que se fixo ben. Houbo desacordos na coordinación porque tanto a Escola de informática como Teleco

consideraban que o título debía estar no seu centro. Tamén, detectaron unha gran ambición de docencia por parte da UDC. E por último resultaba dificilmente viable un máster con tanta carga práctica repartida en 3 sedes, xa que non é posible triplicar a docencia práctica. Ese conxunto de situacións, conclúe, derivou en que a Escola de Enxeñaría Informática abandonara o máster.

Intervén Iñigo Cuññas quen explica que recibiu o encargo do reitor de liderar un máster en Ciberseguridade, coa petición de coordinarse coa Escola de Enxeñaría Informática da UdC. Tras esa xuntanza contactou co director a EE Informática. Cando se decataron que a UdC tamén solicitara o máster, se coordinaron os tres, para crear unha comisión para elaborar o plano de estudos con 2 por centros. Explica que dende o inicio a UdC propuxo dar a metade da docencia o que non lle pareceu razoable, tendo en conta o número de estudantes e a orientación de cada centro. Tamén pareceulle correcta a organización da docencia, coa docencia teórica impartida no centro no que estea o profesor e mediante videoconferencia bidireccional nos outros centros e a práctica se impartiría en tres laboratorios idénticos con un profesor local en cada centro. Non se discutiu nin se puxeron impedimentos. Detectaron reticencias por parte da Escola de Ou. Redactouse a memoria e a Escola de Enx. Informática aportou cousas que se incorporaron á memoria. En Teleco aprobouse a declaración de intencións por asentimento, pero en Ourense se fixo con 11 a favor, 8 en contra, e catro abstencións. Detalla a redacción da memoria e as dificultades, pactáronse os contidos entre os tres centros, pero pouco antes de pasar pola comisión de calidade, Ourense se desvincula do título. Elimináronse as referencias á Escola de Informática, pero se mantivo o plan de estudos porque estaba pactado. Na memoria xustificativa, como explicou a vicerreitora aínda figuraba Ourense.

O reitor subliña que hai que aceptar a decisión da Escola de Enx. Informática de abandonar. Destaca que a estratexia era que a UVigo liderara a titulación de Ciberseguridade, pola singularidade de contar con Teleco e Informática, e falou coas empresas instaladas en Coruña grazas ao que se se promoveu a cátedra de ciberseguridade como primeiro paso. A invitación á EET incluía a necesidade de que fora con Ourense, a incorporación de Coruña foi posterior. Respecta a decisión de desvinculación, aínda que estratexicamente considera que as vantaxes son maiores que as desvantaxes. Finaliza indicando que hai moito campo para traballar en conxunto, neste tema e no da intelixencia artificial que é un dos anhelos da Escola.

Finalizado o debate, solicita a aprobación por asentimento de todas as propostas de títulos que proceden da COAP, excepto o de Enxeñaría biomédica que pasa a votarse, co resultado de 25 votos a favor, 4 votos en contra (dous nominais de Ernesto Vázquez-Rey e Bettiana Hidalgo) e unha abstención.

Apróbanse todos os títulos.

5. Aprobación, se procede, do modelo de Acordo de réxime de co-tutela dunha tese de doutoramento.

O reitor informa de que foi invitado a presentar este punto o director da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo, Antonio Pino. Explica que o pasado 7 de febreiro foi aprobado no Consello de Goberno unha modificación do regulamento de estudos de doutoramento que incluía unha nova regulación da modalidade de tese en réxime de co-tutela internacional. De xeito que esta modalidade pode incluírse cunha mención especial no título de doutor. O máis importante é que implica a expedición por ambas universidades dun título de doutor, coa mención expresa de que se trata de un título en co-tutela coa outra universidade. O regulamento aprobado recollía os aspectos fundamentais pero remitía a un convenio de co-tutela para fixar os detalles da colaboración entre ambas Entidades. Para facilitar a redacción do convenio aos estudantes que queiran acollerse a esta modalidade de tese, sométese á aprobación deste Consello un modelo que inclúe cláusulas xerais que reflicten o contido do regulamento e tamén as cláusulas particulares cos datos concretos dos estudantes, director ou directora, tese, lugar de defensa, equivalencia de cualificacións, etc.

Este modelo conta cos informes favorable da comisión permanente da EIDO e da Asesoría Xurídica, de xeito que cando se utilice este modelo non sexa preciso unha revisión ou aprobación adicional.

Engade o reitor que é un modelo que nos pode axudar a materializar estas colaboracións.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

6. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor, convocatoria 2017.

Cede a palabra o reitor á Vicerreitora de Investigación e Transferencia, para a presentación deste punto. Introduce a vicerreitora este programa para a contratación de persoal postdoutoral, que está dirixido a intensificar a capacidade investigadora do profesorado axudante doutor, facilitando o desenvolvemento dun proxecto de investigación básica que permita consolidar a súa experiencia profesional.

Explica que se presenta á aprobación do Consello de Goberno a terceira edición do programa, na que se mantén o contido e requisitos da convocatoria anterior. Nesta ocasión se convocan 10 contratos como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade prevista no artigo 22 da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, de dous anos de duración, prorrogables por períodos anuais ata un máximo de cinco. Establécese como requisito a vinculación á Universidade de Vigo durante o curso 2016/2017 baixo a figura de profesorado axudante doutor, con data de finalización de contrato durante o curso 2017/2018 sen posibilidade de prórroga, e dispoñer da acreditación ANECA ou ACSUG como profesorado contratado doutor. Remata a vicerreitora indicando que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación de 10 de xullo de 2017.

Intervén o profesor Bienvenido Diez para solicitar que se manteña este programa, xa que nos tres anos que leva funcionando permitiu estabilizar ao persoal nesa situación. Argumenta que, ata que o persoal non poda consolidar a súa carreira profesional por mor da taxa de reposición, debería continuarse con estas convocatorias.

Coincide a vicerreitora en que esa é a intención do programa. Explica que cada ano se considera a situación na que se atopan as persoas implicadas para ver se existe a necesidade de convocalo, iso se fixo este ano e, en consecuencia, se lanza a actual convocatoria. Subliña que existe un consenso por todas as partes nesta maneira de actuar.

O profesor Reigosa Roger quere louvar o programa que xa lle pareceu un acerto cando se iniciou e, engade que, se neste ano as taxas de reposición axudan, servirá aínda mellor para intensificar a capacidade investigadora dos xoves na súa carreira. Coincide na opinión de que debería manterse no tempo.

Inicia a súa intervención o profesor Pou Saracho na mesma liña e felicita polo programa. Formula a continuación unha pregunta relativa a se os novos postdoutorais da Xunta, tipo B, terán no futuro un sistema similar.

Responde o reitor que haberá que agardar para ver a evolución destes programas postdoutorais da Xunta. Se ben o persoal que remataba o antigo programa Isidro Parga Pondal podía incorporarse ao programa de retención de talento da universidade, para os postdoutorais tipo B dos programas actualmente vixentes haberá que estudar se, cando remate a primeira promoción, poderán seguir mesmo programa ou non.

Engade a vicerreitora que os propios interesados están negociando coa Xunta para ver se hai algunha posibilidade de prolongar o plan ou de que se cofinancie un programa para consolidar a súa formación postdoutoral. E aclara que se ben, como di o reitor, nós podemos estudar a posibilidade de que opten ao noso programa de retención de talento, o certo é que son figuras que reúnen unhas condicións curriculares aínda moi alexadas das do persoal que participa neste programa. Avanza que vai ter unha reunión próxima con este colectivo para empezar a analizar a súa situación.

Apunta o reitor que se está a estudar a posibilidade de deseñar un programa previo ao de retención de talento, con requisitos inferiores á acreditación I3. Pero insiste en que hai que analizar ben a situación na que quedan estas figuras, para poder ter algo elaborado antes de que conclúa a primeira cohorte.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

7. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Produción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2016.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Explica a vicerreitora que a Universidade de Vigo realiza procedementos anuais de avaliación da actividade de Investigación e de Transferencia do PDI, a través dos correspondentes indicadores en cada caso, como ferramenta para incentivar estas actividades e para a definición e fortalecemento das liñas estratéxicas da institución.

Presenta a continuación os criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2016. Indica que en esencia se manteñen os criterios utilizados na edición anterior, considerando a avaliación de 4 tipos de contribucións: libros, revistas, teses de doutoramento e publicacións derivadas de congresos. Actualizáronse as figuras de persoal que poden solicitar a avaliación, introducindo casos como o persoal posdoutoral contratado con cargo a programas competitivos propios da Universidade de Vigo, como é o caso do programa que se aprobou no punto anterior. Remata indicando que estes criterios foron aprobados por unanimidade na Comisión de Investigación de 10 de xullo de 2017.

Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

8. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Produción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2016.

A vicerreitora de Investigación e Transferencia expón que a Universidade de Vigo formula un sistema de incentivación estratéxica da actividade do seu persoal investigador baseado en dous tipos de indicadores, complementarios entre si: a produción de investigación, abordada no punto anterior, e a produción de transferencia que presenta a continuación.

Os criterios de avaliación da produción de transferencia que se someten a aprobación serán tamén aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2016, e do mesmo xeito mantense o esquema xeral de avaliación da edición anterior, coa actualización de figuras xa comentada. Polo tanto, considéranse os elementos máis significativos da actividade de transferencia, clasificados en 9 tipos de contribucións: 1) Proxectos, colaboracións e convenios con empresas, 2) Contratos de licenza, 3) Propiedade industrial, 4) Creación de empresas de base tecnolóxica (EBTs), 5) Resultados da creación artística, 6) Creación literaria, 7) Software libre e Open source, 8) Actividades promocionais, e 9) Actividades de Transferencia Social, cultural e educativa. Conclúe a vicerreitora dando conta de que estes criterios foron aprobados tamén por unanimidade na Comisión de Investigación do 10 de xullo de 2017.

Apróbase por asentimento (**Anexo V**).

9. Aprobación, se procede, da Normativa de simultaneidade de estudos na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen expón que a nova Normativa de permanencia e progreso da Universidade de Vigo, aprobada polo Consello Social o pasado 12 de xuño, establece que a simultaneidade de estudos debe regularse por unha normativa específica, en particular, no que respecta ao número máximo de créditos dos que poderá matricularse o estudantado.

Aclara a vicerreitora que a Universidade de Vigo xa conta cunha normativa de Programas conxuntos de Estudos Oficiais de Grao, os chamados PCEOs, programas elaborados polos centros respectivos sobre os planos de estudos oficiais, pero que aínda non dispón dunha normativa de simultaneidade que permita ao estudantado, en circunstancias concretas e cun máximo de créditos por curso, simultanear estudos de grao,

ou de máster ou máster e doutoramento. Por esta razón, abordouse conxuntamente dende as vicerreitorías de Organización Académica e Profesorado e a de Estudantes, a elaboración da Normativa de simultaneidade que se somete a aprobación neste punto. Engade que a proposta foi negociada cos representantes do estudantado deste órgano e valorada polos servizos de xestión de Grao e de Posgrao.

A vicerreitora resume a continuación os aspectos máis relevantes da normativa proposta. Só poderán simultanear estudos en títulos nos que existan prazas vacantes; o estudantado ao que se lle conceda a simultaneidade, poderá matricularse dun máximo de 78 créditos, aínda que, de xeito excepcional, ao alumnado que lle resten 18 créditos e TFG ou TFM, matricularse a tempo completo nun grao ou máster no que fora admitido. As solicitudes serán resoltas polo Servizo de xestión de Grao, Servizo de Xestión de Posgrao ou pola EIDO, en función do tipo da segunda titulación.

Intervén a representante do estudantado Bettiana Hidalgo, quen agradece á vicerreitora o seu talante negociador e a receptividade ás súas propostas, pero indica que pensaban que a negociación ía prolongarse unha xornada máis.

Explica a vicerreitora que quedaran agardar un informe da Asesoría Xurídica, relativo á anulación de oficio da matrícula dos estudantes que, simultaneando estudos noutras universidades, non cumprían os requisitos impostos pola normativa de simultaneidade da Universidade de Vigo. Dado que a consulta resultou favorable ao que se propoñía, non considerou necesario convocar unha nova reunión.

O reitor cede a palabra a Ernesto Vázquez-Rey, quen manifesta que a convocatoria de dúas sesións de traballo para unha normativa deste calado non é suficiente, considera que non é unha negociación, e engade que o que se recolle na proposta de normativa non se parece ao que se trasladou ao estudantado nesas reunións. Fai referencia a continuación a unha intervención súa no CG de xullo de 2016, na que formulara unha pregunta, na que expoñía a situación dun estudante matriculado a tempo parcial de estudos de grao nesta universidade e que simultánea con estudos de doutoramento noutra universidade do SUG, o que acontece no seu propio caso. Indica que a normativa que se presenta non resolve ese problema, porque unha universidade si permite a matrícula parcial, pero a UVigo, non. Considera que se esta normativa quere solucionar casos concretos que se presentaron, e que se poden volver a producir o curso próximo, non se recolla esta casuística. Subliña que o problema está na concesión da matrícula de tempo parcial de grao, que está limitada a unha serie de casos nos que non se inclúe o de estar cursando estudos de doutoramento noutra universidade.

A vicerreitora de estudantes responde que a normativa xa recolle que, se a segunda titulación é de grao, levará implícita a autorización de matrícula a tempo parcial nunha das titulacións. E, en relación á primeira parte da intervención do representante do estudantado, comenta que el non asistiu a ningunha das reunións, pero que estivo convidado a todas. Subliña que foron dúas reunións, pero nas que se recolleu, na medida do posible, todo o indicado pola representación do estudantado, como poden confirmar as presentes. O número de reunións, depende da normativa e considera que non quedou pendente de debate ningunha cuestión.

Tras un intercambio de opinións en relación á redacción do artigo 5, no que se recolle a autorización implícita de matrícula a tempo parcial e de aclarar que soluciona a situación presentada polo representante do estudantado, o reitor solicita a aprobación da proposta.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

10. Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Permanencia.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen indica que no artigo 13 da Normativa de Permanencia da UVigo, contéplase a creación dunha Comisión de Permanencia e Progreso para que, entre outras funcións aborde o estudo de casos non previstos na normativa. Indica que entre os vogais figuran tres persoas propostas polo reitor ou reitora e nomeadas polo Consello de Goberno entre as que

desempeñan os cargos de directora, director, decana ou decano e dúas persoas propostas polo estudantado e nomeadas polo Consello de Goberno. Presenta a vicerreitora a proposta que se somete á aprobación:

- Silvia García González, decana da Facultade de Belas Artes.
- Iñigo Cuññas Gómez, director da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- Elena Rivo López, decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Membros propostos polo estudantado:

- Oscar Moldes Pita
- Paula Rivera González

Intervén a profesora Belén Rubio e indica que non formula ningunha obxección aos membros, pero precisa unha aclaración en canto ás funcións concretas da comisión, porque non lle queda claro da redacción da normativa.

Responde a vicerreitora que unha das funcións será resolver aqueles casos que, non cumprindo estritamente as condicións de permanencia deban ser considerados (excepcionalidades como accidentes, por exemplo), casos que antes resolvía a vicerreitoría ou o reitor. Por outra banda, engade, a comisión ten o encargo de facer un informe anual para presentar no Consello de Goberno e no Consello Social para valorar a adecuación da normativa de permanencia ás taxas de rendemento e de éxito dos títulos, valorando se o número de convocatorias que se establecen son axeitadas, por exemplo. De igual xeito, deberá resolver casos non previstos na normativa que podan xurdir, especialmente na época de matrícula.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da Normativa de préstamo e uso de bicicletas no Campus de Pontevedra.

Cede a palabra o reitor ao vicerreitor do Campus de Pontevedra-Campus Crea.

O vicerreitor presenta a normativa de préstamo e uso das 14 bicicletas que cedera o Concello de Pontevedra, procedentes dun programa denominado “Pilla Bici”. Lembra aos membros do Consello que o Campus de Pontevedra fixo un gran esforzo en infraestruturas para aproximar o campus á cidade e conectalo a través dun carril bici que, como informou na sesión do Consello de Goberno anterior, se está procedendo a ampliar nestes momentos. Polo tanto, engade, a utilización desas bicicletas ten pleno sentido nese contexto e o seu préstamo e uso debe ser regulado, sendo os destinatarios de esta iniciativa son os membros da comunidade universitaria, PDI, PAS e alumnado.

Explica as dúas causas que demoraron este proxecto e, polo tanto, a normativa: por unha banda, a sinatura do convenio que plasma oficialmente a cesión das bicicletas e, por outra, a solución da cobertura dos seguros, que demorou ata o mes pasado. Agradece o vicerreitor a intervención da xerencia para a resolución deste tema. Agradece tamén á Area de Benestar, saúde e deporte da UVigo que habilitou a plataforma deporxest para a realización das solicitudes de préstamo de bicicletas. Non entra a describir a normativa, xa que é moi sinxela, pero destaca que se establece unha fianza de 30 euros para garantir o coidado do ben que se presta. Consideran que é unha contía razoable, especialmente para o estudantado. Pretenden iniciar o préstamo no inicio do curso, coa celebración da Semana Europea da Mobilidade dentro do Green Campus, na semana do 16 de setembro.

Paula Rivera toma a palabra para solicitar aclaracións non relativas á normativa, que considera correcta, senón acerca do servizo. Pregunta polo número actual de bicicletas e se está prevista a súa ampliación, e que tipo de publicidade se vai realizar. Finaliza a súa intervención manifestando que lle parece unha proposta moi interesante.

Responde o vicerreitor que nestes momentos existen 14 bicicletas cedidas e inventariadas e informa de que xa está tratado co Concello de Pontevedra e, no caso de que a demanda supere esta oferta, habería a

posibilidade de incrementar o número a través da cesión de máis bicis que na actualidade están no Pazo da Cultura. En relación coa publicidade, informa que se iniciará en setembro e se levará a cabo maioritariamente a través das redes sociais e mediante cartelería, coincidindo co evento que se organiza no Campus na Semana Europea da Mobilidade.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

12. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, para a presentación do punto. Lembra a secretaria que os Estatutos da UVigo recollen no seu artigo 46 que é competencia do Consello de Departamento a *elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno*, que deberán ser aprobados polo Consello de Goberno consonte ao artigo 39, que establece que corresponde a este órgano a aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.

Consonte a elo, o Consello do Dpto. de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción aprobou na sesión celebrada o 8 de xuño do presente ano unha modificación do artigo 19 do seu regulamento, para axustalo á situación derivada na aprobación da nova RPT, ao deixar de estar vinculado o persoal administrativo ao departamento. O informe da Asesoría Xurídica é favorable, polo que se propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

13. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado polos profesores do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, D. Hermes Salceda Rodríguez, Dña. María Manuela da Silva e D. Manuel Ángel García Fernández verbo do acordo do Consello de Goberno do día 20/03/2017, polo que se aproba o cambio de adscrición de área de coñecemento do profesor D. Javier Agustín Guijarro.

O reitor informa de que está invitado a falar o profesor Hermes Salceda Rodríguez, e cede novamente a palabra á secretaria xeral, quen comeza facendo un resumo dos antecedentes deste recurso: O día 21 de marzo de 2016 profesor de Agustín Guijarro, solicita o cambio de área dende a área de Tradución e interpretación (Departamento de Tradución e Lingüística) á área de Filoloxía Francesa (Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá). A solicitude contou cos informes favorables de ambos departamentos, cumpríndose por parte do solicitante todos os requisitos esixidos pola normativa da Universidade de Vigo. Pero foi tramitada incorrectamente, xa se lle comunicou ao profesor solicitante o acordo da COAP do 19 de outubro, pola que se acordaba desestimar a súa solicitude de cambio, sen que fora acordado no CG como indica a normativa. O profesor Guijarro interpuxo un recurso que foi resolto na sesión do Consello de Goberno de 7 de febreiro de 2017, acordándose a súa estimación e retrotraer o procedemento ata o momento en que a COAP avaliou a solicitude.

A COAP, na súa reunión do 14 de marzo de 2017 acordou informar favorablemente á solicitude do Profesor Guijarro, tendo en conta a situación docente dos departamentos implicados. E o Consello de Goberno, na súa sesión do 20 de marzo, acordou aprobar á solicitude de cambio de área do profesor, con efectos para o curso 2017/2018.

No recurso potestativo de reposición contra ese acordo, presentado por D. Hermes Salceda, Dña. Mª Manuela da Silva e D. Manuel Angel García Fernández, destaca como punto fundamental o feito de que a área na que se deberá integrar o profesor Guijarro, a de Filoloxía Francesa, manifestou un criterio unánime contrario a dito cambio. Consideran os recorrentes que, dada a nula afinidade entre as áreas que constitúen o departamento de filoloxía Inglesa, Francesa e alemá, o profesorado desa área é o único que ten criterio técnico especializado, e tomou a súa decisión en contra da oportunidade e conveniencia do cambio con

base na adecuación curricular do solicitante, as necesidades docentes da área de Francés e a mesma estrutura e perfil docente existente na citada área. Este criterio especializado é o que consideran que debe prevalecer.

En relación coa oportunidade e conveniencia do cambio, detallan o impacto que esta incorporación tería na estrutura e perfil docente do cadro de profesorado da área de francés, tanto pola modificación que se inducirá na proporción de profesores permanentes a TC, e que limitará as posibilidades de promoción do profesorado actual, como porque implicará a creación dunha praza de PTU o que consideran non e admisible segundo a normativa de cambio de área, e finalmente, porque afectará ás necesidades docentes, estrutura e perfil docente do cadro de persoal do profesorado con afectación aos proxectos actuais en desenvolvemento. Subliñan que o cambio de criterio da COAP contravén a doutrina dos actos propios, polo que solicitan que o acto sexa declarado nulo procedendo a revogación do mesmo, desestimando a solicitude de cambio de área.

Continúa informando a secretaria xeral que no seu informe, Asesoría Xurídica indica que a normativa para o cambio de área de coñecemento do PDI funcionario e o PDI contratado con vinculación permanente esixe informes dos Consellos de departamentos implicados, e dado que se trata dun órgano colexiado debe adoptar os seus acordos por maioría de votos, polo que o trámite foi realizado correctamente, polo que procede desestimar o recurso nese punto. Subliña que a esixencia da normativa para o cambio de área é que non pode implicar a contratación de novo profesorado, nin xerar desequilibrios entre campus, pero esta circunstancia non se da neste caso xa que o profesor de Agustín Guijarro xa é profesor da UVigo. En canto ao resto das alegacións, non están baseadas en ningún motivo de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei de procedemento administrativo, senón que deben considerarse consecuencias derivables do cambio de área pero que non afectan á validez do acordo. En base ao informe da Asesoría Xurídica, a secretaria xeral propón a desestimación do recurso presentado e se manteña a validez do acordo do Consello de Goberno do día 20/03/2017.

O reitor cede a palabra ao profesor Hermes Salceda, que manifesta a súa vontade de incidir nos argumentos formulados no recurso e que xa foran presentados á vicerreitora de Profesorado e ao reitor e, considera que os feitos teñen entidade suficiente para que o Consello de Goberno reflexione. Subliña que se trata dun proceso de cambio de adscrición a Área de coñecemento, e explica que neste caso as áreas de Alemán e de Inglés son moi maioritarias no seu departamento, xa que suman 40 profesores fronte a 7 de francés, e imponen un profesor á área de francés, e remarca que as áreas non teñen ningunha afinidade coa de francés.

Entende que as decisións se toman en base as normativas da Universidade de Vigo, pero consideran que esta actuación é anómala. Sobre esta cuestión presentaron unha queixa diante do Tribunal de Garantías, que informou que aínda que a actuación era legal pero cualificou os feitos denunciados de graves.

O profesor Salceda chama a atención sobre o que, na opinión dos profesores, é un cambio de opinión da COAP sen que cambiaran na área de francés, o cocientes entre profesores permanentes e a carga docente, e sen que mudase a diferenza entre de carga docente básica e capacidade básica. Polo que non se entende que sen haber cambio nestes valores, se aceptase na segunda ocasión a solicitude de cambio de área. Engade que a retroacción non implica que a COAP, que xa tiña un informe denegatorio, cambie as valoracións. Senón que tiña que emitir un informe e elevalo ao Consello de Goberno.

Finalmente, argumentan que non lles saen as contas, xa que ao calcular a diferenza entre carga docente básica e capacidade docente básica obteñen 145 horas na área de francés, ao facer o cálculo tendo en conta os tres campus e de 294 horas no campus de Vigo, non as 320 horas requiridas polas normas de POD para a aprobación do cambio de área. Polo que solicitan unha explicación. Conclúe indicando que dende o punto de vista académico, que tamén debe ser tida en conta, non hai argumentos que apoiem o cambio de área. Agradece a invitación a participar e solicita que se debatan eses argumentos.

A vicerreitora de Profesorado e Ordenación académica, reitera que o problema iniciouse cun erro persoal seu na tramitación da solicitude inicial que provocou que pasados meses non se respondera a solicitude, e finalmente foi respondida sen pé de recurso. Para solucionar esa situación e brindar a posibilidade de

recurso ao solicitante, fíxose unha resolución dende a COAP, pero sen que argumentación sexa válida, nin entrara realmente á valoración da solicitude. Engade que cando a COAP recibiu a resolución de retroacción fixo unha valoración rigorosa da solicitude e emitiu o informe, e, lembra a vicerreitora que é o Consello de Goberno o que toma a decisión.

En relación coas normas de POD, explica que, en efecto establecen unha diferenza de 320 horas para poder sacar unha praza de Axudante Doutor, pero non se aplica para o cambio de área.

Recoñece que esta decisión afecta ás expectativas das persoas implicadas, beneficiando a algunhas e inevitablemente, prexudicando a outras.

Intervén a secretaria xeral apuntando que se a Normativa esixe que un departamento debe emitir un informe, e este, como órgano colexiado, toma as decisións por maioría, en efecto, pode prexudicar á minoría, pero non debe desvirtuar o acordo que se toma consonte a unha normativa que non foi recorrida.

En relación con este aspecto, engade o reitor, que neste documento recórrese a resolución do Consello de Goberno de aprobar o cambio de área, acordo que está tomado consonte a normativa. Se o que se quere rebater é a decisión que no seu momento tomou o Departamento, e que presuntamente vai en contra dos criterios académicos dun área, debería terse recorrido naquel momento dito acordo. Pero non se presentou e o acordo convértese en firme, e correctamente tomado por maioría cualificada. De terse presentado dito recurso, poderíanse considerar as razóns académicas.

Intervén o profesor Jorge Bueno, como membro da Facultade de Filoloxía e Tradución e do departamento implicado, para abondar no correcto proceder do departamento e que a sesión do Consello na que se debateu a aceptación ou non da solicitude, foi longo e complexo co asistencia do profesor de Agustín para explicar o seu currículo, debatéronse longamente todos os argumentos presentados pola área de Francés e se tiveron en conta todas as consideracións académicas. Ao final se toman as decisións como prevén as normativas, e esa decisión non foi recorrida, non se aduciron razóns académicas contra dela. Expresa a súa concordancia co informe de Asesoría Xurídica. Finaliza indicando que é consciente que este acordo do cambio de área implica unhas consecuencias mesmo persoais, pero que non deben afectar á validez do acordo.

Intervén o profesor Bienvenido Diez e manifesta que neste caso se presenta por unha banda o dereito ao cambio de adscrición de área dun profesor que cumpre todos os requisitos da normativa e presenta os méritos necesarios, polo que non hai nada que se poda argumentar en contra. Pero apunta un aspecto colateral que lle preocupa, que ten que ver co dereito á promoción de cada docente, aspecto que xa foi tratado nas mesas de negociación. Considera que as diferenzas entre áreas debe facerse antes de que os profesores entren nos departamentos, unha vez está dentro debe ter dereito á promoción. E subliña que isto é o que pode verse afectado neste caso. Sen entrar no tema concreto do recurso, indica que compre ter sensibilidade cos dereitos de promoción, aínda que respectando os dereitos dos demais aos seus centros de adscrición.

Responde o reitor que nesta institución somos sensibles a esa necesidade, e non só se abren vías de prazas e promoción non só vencelladas á capacidade docente, algo que será máis visible cando non teñamos o *corsé* que nos limita na actualidade.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso presentado contra do acordo do Consello de Goberno do día 20/03/2017.

14. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por M^a del Pilar de Sa Otero contra POD do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo para o curso 2017/2018 e a súa modificación por afectar á súa docencia.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen resume o recurso presentado e o contido do informe de Asesoría Xurídica.

No recurso presentado pola profesora M^a del Pilar de Sa Otero, profesora titular da área de Botánica do departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do solo, expón que o seu departamento aprobou o correspondente POD do curso 2017-2018 elaborado segundo o procedemento habitual que foi aprobado pola COAP do 15/05/2017 e que a dirección do departamento de bioloxía modificou o POD pola súa conta incrementando arbitrariamente a súa carga docente en 70 horas, proposta que foi aprobada pola COAP. A recorrente considera que dita actuación infrinxe o regulamento de réxime interno do Dpto. polo que solicita que sexa anulada a resolución da COAP, a proposta presentada polo departamento, e que se volva a reunir o Consello de Departamento para que se refaga o POD coa docencia inicialmente asignada.

O informe emitido por asesoría xurídica establece inicialmente o marco normativo que define a dedicación docente que debe cumprir o profesorado universitario a tempo completo, fixado polo artigo 68 da LOU e a normativa de recoñecemento de actividades docentes PDI, correspondéndolle á profesora recorrente unha carga docente de 273 h para o curso 2017/18. Con respecto á alegación de que a dirección de departamento modificou arbitrariamente a proposta de POD inicial, explica a secretaria que, tanto a acta do consello de departamento, como o informe emitido polo director de departamento xustifica que Da Pilar de Sá foi a única profesora da área de Botánica de Ourense que na súa proposta non cubrira a totalidade da súa carga docente, polo que as horas asignadas son as requiridas para completar a súa capacidade docente. En relación coa posible infracción ao regulamento do departamento, respecto ao mandato de reparto equitativo entre os profesores de cada área, o consello de departamento estimou que a proposta enviada pola área de Botánica de Ourense non respectaba este aspecto, polo que non se aprobou e asignouse a correspondente docencia.

Polo antedito, o informe da Asesoría Xurídica estima que a asignación realizada corresponde coas normas que fixan a carga docente, e que o acordo do Consello de Departamento está motivado e xustificado e non alegándose ningunha causa que poida facer nulo ou anulable o acordo, cumpriría desestimar o recurso. A secretaria expón que esa é a proposta que se presenta ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Carabobo* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Londrina* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Londrina (Brasil)* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Federal de Educação, Ciência y Tecnologia do Sul de Minas Gerais (Brasil)* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Federal de Educação, Ciência y Tecnologia do Sul de Minas Gerais (Brasil)* para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

16. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI.

Presentouse unha única candidatura, a do profesor Francisco Javier Rodríguez Martínez (director da Escola de Enxeñaría Informática).

Non hai que facer eleccións e queda nomeado, quedando unha vacante pendente de cubrir en posteriores Consellos de Goberno.

17. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións que inicia o profesor Reigosa Roger, formulando un rogo e unha pregunta. O rogo dirixido ao reitor en relación con algunhas das emendas aos estatutos presentadas por

varios asinantes, en algúns casos de membros da propia comisión de estatutos. Propón que se invite aos asinantes de ditas emendas para que nomeen unha persoa poñente para súa defensa diante da comisión. A pregunta, á luz do esperanzador informe da vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, está referida á posible estabilización dos interinos, cuasi interinos ou os que nós entendemos por interinos. Quere saber cal é a postura das outras universidades galegas, para saber que presións pode ter a Xunta de Galicia diante da nosa posición.

Responde a vicerreitora á cuestión indicando que somos os únicos que temos interinos como tal, polo que as situacións non son similares. Informa de que onte publicouse no DOG a OPE de USC e, por cuestión de datas, está elaborada sen atender aos criterios publicados no BOE do 28 de xuño. Pon como exemplo que non hai ningunha praza de promoción e as Prazas de Ramón y Cajal saen para CD, como era obrigado no borrador inicial da Lei de orzamentos, polo tanto, están por debaixo das posibilidades da súa taxa de reposición. Di que non lle consta o que vai facer, se ampliarán a oferta ou non. Explica a vicerreitora que a UdC aproveitou que estaba en vigor un BOE de 1 de abril que publicaba un acordo do consello de ministros que permitía facer ofertas de emprego, fixando unha taxa do 100 % e non definía taxa para os Ramón y Cajal. Polo que, un pouco antes de que se aprobara a Lei de orzamentos, publicou a súa oferta de emprego público e non convocou as prazas desa cota, xa que non teñen candidatos. Indica que lle transmitiron verbalmente que farán unha ampliación. A vicerreitora di que falará cos vicerreitores das outras universidades, porque posiblemente sexa favorable realizar unha negociación conxunta, pero reitera que non estamos na mesma situación, a nosa universidade ten que lograr que se consideren como interinas aquelas persoas contratadas nunha figura que é interina noutras partes de España, pero aquí non por imperativo da Xunta.

En relación co rogo formulado, informa de que se está a fixar a data para a primeira sesión, e valorando se é necesario que primeiro se reúna a comisión para ordenar todo e definir procedemento antes de abrir a exposición das alegacións e o debate. Indica que esas cuestións as está valorando co presidente da comisión e Ángeles Hermida. Con respecto á pregunta, reitera que claramente a situación non é a mesma, e explica as limitacións das outras universidades pola súa situación de control económico. Pero que esa situación sexa diferente non vai ser razón para que non contemos co seu apoio diante de Facenda

Intervén Bettiana Hidalgo para tratar dous aspectos. En primeiro lugar, en referencia ao Green Campus de Pontevedra e as actividades das que informou o vicerreitor no pasado Consello de Goberno pregunta que se está a facer a ese nivel no Campus de Vigo (composteiro, formación para o reciclaxe, concienciación, etc.) para que se logre tamén esa condición de Green Campus. Ofrece a súa colaboración para traballar nesa liña. En segundo lugar, reitera un tema xa formulado noutras sesións, que é a dispoñibilidade dun espazo para os representantes do alumnado na páxina web da Universidade, especialmente agora que se está a elaborar unha nova web.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación. En relación coa segunda cuestión, di que en efecto na nova web da universidade, con un obxectivo fundamental que é dar resposta a estas demandas, polo que vai ser unha páxina orientada por perfís de posibles usuarios. Pero ademais diso, quere insistir en que na páxina actual hai un icono que pretende que se participe no deseño da nova páxina, polo que invita ao estudantado a que participe a través del. Con respecto á cuestión do Green Campus, explica primeiro que se trata dunha acreditación que se logrou para o Campus de Pontevedra, pero que o Campus de Vigo debe ser, no sentido de verde, natural e ecolóxico, debe ser un dos máis salientables a nivel do estado español. Estase intentando acreditar a mesma bandeira, a través do proceso correspondente. Engade, en relación aos composteiros a OMA lle transmite que no Campus de Vigo non son necesarios, xa que os propios responsables dos comedores e cafeterías teñen xa instaurados procesos de aproveitamento de residuos orgánicos máis eficientes.

O reitor concede que é necesario maior esforzo de visualización do que se realiza, especialmente aos novos estudantes. Lembra que esta universidade foi a primeira de España en montar unha OMA, no 98, e que ao expropiar os terreos foron talladas as árbores, eucaliptos e piñeiros, a OMA foi a que logrou a integración paisaxística, con repoboacións autóctonas e a recuperación das lagoas, instalándose o saneamento e

iniciando a campaña de recollida de residuos. Explica tamén o reitor o proceso de recuperación que se leva a cabo coa materia orgánica, pero engade que se a Deputación quere instalar un composteiro, por suposto se fará.

Engade o vicerreitor de Economía que o Campus ten 10 km de roteiros naturais, con visitas guiadas ás que se invita a colexios e institutos, realízase o campionato galego de orientación etc.

Intervén Ernesto Vázquez-Rey, quen pon de manifesto que recentemente a empresa ENCE e o Diario de Pontevedra lanzou unha campaña denominada Campus Verde e pregunta se lle parece a universidade que se apropia dese nome, desa marca. E formula tamén un rogo, máis ben queixa belixerante, relativa ao documento do modelo de réxime de cotutela de tese doutoral que está en castelán – inglés, incumprindo os Estatutos, xa que non está en galego. Solicita que se revisen os documentos que se envían ao Consello de Goberno neste sentido.

Responde o vicerreitor do Campus de Pontevedra. Refire que sendo consciente dese intento por parte da empresa e o diario, hai que sinalar que o proxecto Green Campus non garda moita relación co Campus verde. Como xa informaron o vicerreitor e o reitor, o Green Campus é unha etiqueta que logra cun proxecto moito máis amplo que non só ten que ver co reciclaxe, senón con hábitos de vida saudables, concienciación medioambiental etc. Informa que a semana pasada se aprobou o novo plano de actuación para o 2017/2018 e contempla unhas cincuenta medidas que, en función do grao de cumprimento, permitirá renovar a bandeira verde do Campus. Pola contra, o Campus verde é unha actividade dirixida ao público de 14 a 17 anos que realiza ofertas lúdicas. Finalmente indica que si hai similitude no nome, pero resalta que é habitual vincular o “verde” ou “green” con temas medioambientais e o termo “campus” cunha visión ampla de formación, polo que o vemos inevitable, pero atendendo aos contidos ou imaxe, non hai confusión posible, reitera o vicerreitor.

A secretaria xeral responde á segunda cuestión formulada. Afirmar que o equipo de goberno é consciente e tamén belixerante no emprego do galego, e precisamente por iso, procúrase que os documentos de rango de normativas pasen a revisión da ANL antes da súa presentación. Explica que este servizo ten nestes momentos unha gran carga de traballo e realmente o documento non chegou a tempo para a súa incorporación ao Consello de Goberno, pero xa o temos dende o luns desta semana. Pero estase valorando a maquetación do mesmo, xa que ten a súa complexidade, pola necesidade de incorporar as tres linguas.

Toma a palabra a estudante Paula Rivera para facer unha proposta. Explica que están contactando cos centros para participar na presentación do curso aos novos estudantes, e propoñen a realización dunha Guía de acollida ou de iniciación para este novo estudantado. Considera que pode ter contidos explicativos do propio Campus, órganos de goberno e de participación etc. Debería estar na web da universidade, pero tamén podería estar en papel. Para poder conformar algo en conxunto, gustaríalles contar coa vicerreitoría para preparar o documento.

Responde ao reitor que é unha magnífica idea, porque a visión do estudantado é moito máis eficaz, ademais da vicerreitoría podería apoialo o Consello Social, polo que vai transmitírllo.

Pregunta o profesor Rodríguez Martínez se a normativa actual de cursos propios de posgrao é a que está na web, do ano 2005.

Explica a vicerreitora de Organización académica e profesorado que si se refire á normativa de títulos propios, se é esa, pero que non é de cursos de posgrao. Recoñece que está moi desfasada, e que existe un borrador que se comezou a redactar e que pode retomarse. Engade que poden modificarse as formas, denominacións e os créditos ECTS, que non existen nesa normativa, pero o resto é similar ao existente noutras universidades.

Engade o reitor que se trata dunha das normativas que está previsto actualizar tras a aprobación dos Estatutos.

Intervén a continuación a profesora Belén Rubio, quen comeza aplaudindo a iniciativa de Paula Rivera, e indica que no seu centro teñen xa un documento de benvida ao novo alumnado, na que se recollen xa algúns aspectos mencionados, que poden consultar e utilizar porque está na web do centro e ofrece a súa colaboración para elaborar esa Guía. Formula unha pregunta relacionada co avance no tema do plaxio, tanto no relativo á posible modificación ao regulamento de disciplina académica e do software antiplaxio.

Responde o reitor a cuestión do regulamento do ano 54, explicando que se está levando a través da CRUE, da sectorial de Secretarías Xerais, solicitando a súa derogación ao Ministerio. Posto que debe substituírse por unha Lei orgánica de convivencia universitaria que recolla diversos aspectos de igualdade de oportunidades, entre eles a disciplina, continúa, en lugar de instar ao ministerio á súa elaboración, creouse un Grupo de Traballo dos gabinetes xurídicos das universidades. O primeiro encargo de actuación é: realizar a revisión do estado da arte, analizar os pasos que se deben levar a cabo para a derogación e traballar no primeiro borrador desa lei, que será traballada en consenso coa sectorial de estudantes, a CENUE. Se chegamos a un acordo, prosigue o reitor, haberá que desenvolver a estratexia de convencemento ao Ministerio.

Responde a secretaria xeral en relación ao programa antiplaxio. Informa de que recentemente foi adquirida a través do CIXUG para as tres universidades do SUG. Hai un total de arredor de 4000 licencias para toda Galicia polo que se estima que á Uvigo lle corresponden da orde de 1200. A contratación realizouse para a revisión de TFG e TFM, polo que nos interesa establecer o procedemento para a súa utilización en coordinación cos centros. Polo tanto estaba previsto comezar a contactar cos equipos decanais e de dirección dos centros para organizar o procedemento .que resulte máis axeitado para cada centro. Continúa dicindo que se realizou unha estimación previa inicial do número de licencias en función dos TFG, TFM, PFC e Teses de doutoramento defendidos, pero insiste en que é necesario arbitrar un procedemento para que cada centro poida lograr a maior efectividade das súas licencias, mantendo o control sobre elas.

Bienvenido Diez reitera a pregunta xa formulada en consellos de goberno previos á secretaria xeral en relación á pertenza do profesorado a un centro en función da porcentaxe de carga docente que teña en cada centro. Unha carga, lembra que pode mudar en función do POD, cada curso académico e que coarta a posibilidade de representatividade do profesorado. Insiste neste tema porque non é menor, xa que afecta a un número elevado de PDI na UVigo.

Responde a secretaria xeral que a contestación que se deu no seu momento foi que, sendo conscientes deste problema, e das súas consecuencias, era necesaria unha reflexión polo feito de que existen centros pequenos que comparten docentes con outro de maior entidade e que poderían quedar sen número de profesores suficientes para constituír unha Xunta de Centro ou para que esta sexa representativa dos títulos que imparte. E engade que non se lle atopou unha saída óptima, aínda que seguimos buscando alternativas.

O profesor Diez presenta exemplos de situacións que se producen con esta norma, como os profesores de materias de primeiro que forman parte da Xunta de Centro que non teñen nada que ver coa súa titulación ou o caso nos que a realización de TFG inclinan a porcentaxe e o profesor ou profesora teñen que mudar de centro, cando, de aplicar os recoñecementos no propio ano, implicarían a permanencia no mesmo.

Reitera o reitor que non atopamos unha solución aplicable, pero seguimos considerando posibles actuacións.

Intervén o profesor Antonio Collazo para formular unha pregunta en relación coa titulación de Enxeñaría Aeroespacial, máis concretamente coa dotación dos laboratorios. Lembra que a titulación xa está en marcha neste curso e hai determinadas materias do ámbito tecnolóxico que non dispoñen de laboratorios axeitados no Campus de Ourense para atender as necesidades docentes. Na memoria económica aprobada en xullo de 2015 se realizaba unha estimación do custo anual de implantación da titulación de 1637000 euros. Pola contra, o que se consigna no centro para este curso son 63.000 euros. Expón que analizando a documentación, se comproba que na memoria figuraba que a maior aportación económica para os laboratorios tecnolóxico se centraba no primeiro ano, que é o máis acaído para dotar os laboratorios, pero no documento co que se traballa o centro, consígnase a maior dotación económica no ano 2020, ano no que

xa saíría a primeira promoción. Expón o profesor que, ante esta situación, acolleuse a proposta da dirección do centro de trasladar os alumnos ao campus de Vigo para poder realizar as prácticas. Dende o departamento non se considerou a mellor das solucións, pero podería paliar o problema o tema. Transmítiuse á vicerreitoría de Organización Académica, considera que non é acaída porque transmite mala imaxe. Como alternativa, continúa, o noso departamento fixo unha proposta de dotación de choque para dotar un laboratorio e poder facer as prácticas o curso que ven, e foi remitida o 6 de xuño ao director da escola e este indicou que o transmitiría ao vicerreitor. Dado que non tiveron resposta, pregunta por cal das alternativas poden decantarse e se hai algunha proposta de solución.

Responde o reitor que estase traballando para que as infraestruturas estean dispostos para curso académico. Explica que a planificación está establecida claramente, como indica o profesor, pero lamentablemente os tempos da Xunta non son os que nós queríamos. Se se asina o convenio en setembro chegaremos a tempo para dotar os laboratorios de segundo en adiante. Destaca que o edificio novo se entrega en novembro e ao longo do curso se farán os concursos de adquisición para dotar os laboratorios para os cursos que veñen. Destaca que o problema se centraba nas materias do primeiro cuadrimestre. Recomenda que se solicite a información detallada ao vicerreitor e ao director do centro, sen ter que agardar ao Consello de Goberno. Engade que estase traballando co director para que explique todos os detalles orzamentarios aos departamentos.

Cede a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense que confirma ese traballo da vicerreitoría co director do centro que remite o plan de necesidades por ano, polo que están identificadas e cuantificadas e, mentres non se subscriba o convenio coa Xunta vaise responder cos fondos propios da vicerreitoría do Campus de Ourense. No que non sexa factible, responderase cos fondos propios dos servizos centrais. O que transmitiu o director da Escola como o problema mais urxente para o primeiro curso era a segunda fase dos laboratorios de informática. Non di que sexa o único, pero foille trasladado como o máis urxente. Explica que o ano pasado acometeuse a reforma da planta baixa do edificio que agora alberga a titulación e a preparación dos despachos espazos comúns e a dotación do primeiro laboratorio informático. Este ano xa está realizado o pedido para dotar o segundo. En relación con outros laboratorios, estase a espera da sinatura do convenio, no caso de retraso, a solución é afrontar con recursos propios esa dotación. O director é consciente desa resolución e sabe que non hai nada esquecido, realizarase a dotación, ben a través da subscripción do convenio, ben con recursos propios e nese sentido quere transmitir tranquilidade.

Insiste o Reitor que se traballe directamente coa dirección da Escola e se non se transmiten axeitadamente as necesidades se dea traslado á vicerreitoría do Campus.

Intervén o profesor Jorge Bueno, para deixar constancia dun rogo: prega aos membros da comunidade universitaria que sexamos máis puntillosos cos procedementos e as tramitacións así como na utilización das canles axeitadas, o que se puxo de manifesto en varios puntos deste consello, pero concretamente no debate da tramitación dos títulos de grao, concretamente a aprobación do grao de bioenxeñería, no que se deu a entender que as noticias non chegaban, pero é un procedemento normativizado, con prazos establecidos nun proceso que se aprobou aquí, con prazos que se publican na web da vicerreitoría e comunicación á comunidade universitaria. E neses prazos as persoas interesadas poden achegar os seus comentarios. De actuar así, todos aforraríamos tempo.

Ao non haber máis intervencións o reitor levanta a sesión, desexando felices vacacións aos membros do Consello de Goberno, e remata a sesión ás 14:45h h do día 19 de xullo de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris